



concello de
agolada

Tel: 986 788 862 / 863
Fax: 986 788 100
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



DON ANTONIO CANDAL CARIDAD, SECRETARIO – INTERVENTOR DO CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA),

CERTIFICO:

Que o día quince de decembro de dous mil quince tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local conforme ó Acta que transcrita literalmente di:

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 15 DE DECEMBRO DE 2015.

Na Casa do Concello Agolada (Pontevedra), sendo as doce horas do día quince de decembro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde – Presidente, don Ramiro Varela Peón, e coa asistencia dos concelleiros: don Héctor Miguel Martínez Sanz, don Alberto Vilariño Coego e don Juan Manuel Ramos Buján, asistidos do Sr. Secretario da Corporación, don Antonio Candal Caridad, se celebra a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local convocada para o día de hoxe, pasándose seguidamente o estudo dos asuntos incluídos na Orde do día, e adoptándose os acordos seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda presta-la súa aprobación ó borrador da Acta da sesión extraordinaria celebrada o día un de decembro de dous mil quince.

2.- LICENCIAS DE OBRA

Dáse conta do escrito número 1630, de data 25 de novembro de 2015, suscrito por D. Julio Costa Mejuto, polo que se interesa a concesión da licenza municipal de obras para Acondicionamento de parcela para uso de aparcamento o aire libre, sito na Avenida Calvo Sotelo número 11 deste Concello. Visto o informe do técnico municipal de data 3 de decembro de 2015, que o fai no senso favorable a concesión da licenza que se pretende. A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e previo pago da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda CONCEDER a licenza de obras



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



22

solicitada, debendo o interesado axustarse, na realización da obra, estrictamente ó solicitado.

Dáse conta do escrito número 1667, de data 3 de decembro de 2015, suscrito por D. Manuel Cordido Josenge, polo que se interesa a concesión da licenza municipal de obras para Cerre de finca con postes e malla e consolidación muro do forno, sita na parcela 456 da parroquia de Trabancas deste Concello. Visto o informe do técnico municipal de data 10 de decembro de 2015, que o fai no senso favorable a concesión da licenza que se pretende. A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e previo pago da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda CONCEDER a licenza de obras solicitada, debendo o interesado axustarse, na realización da obra, estrictamente ó solicitado.

3.- BENEFICIARIOS DE ALTA, HORAS ADXUDICADAS E EMPREGADAS APTAS PARA CADA SERVIZOS DE SAF/ DEPENDENCIA.

Dase conta da documentación presentada pola traballadora social de servizos comunitarios e responsable do programa de DEPENDENCIA E AXUDA NO FOGAR do Concello de Agolada, D. Carmen Ansedes López, sobre os beneficiarios de alta, horas adxudicadas e empregadas aptas para cada servizo:

SEMANA 49- do 7 ao 12 de decembro de 2015.

703 h/semana S.A.F. BÁSICO

961 h/semana S.A.F. DEPENDENCIA

CAMBIOS:

M.L.F.V. Alta no servizo 13h/mes

SEMANA 50- do 14 ao 20 de decembro de 2015.

703 h/semana S.A.F. BÁSICO

961 h/semana S.A.F. DEPENDENCIA



concello de
agolada

Tel: 986 788 190
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



23

4.- SUBVENCIONS ASOCIACIONES CULTURAIS, VECIÑAIS, DEPORTIVAS E OUTRAS EXERCICIO 2015.

Examinado o expedientes tramitados para a concesión de subvencións e axudas económicas ás asociacións culturais, deportivas, veciñais, xuvenís e outras con domicilio social no Concello. A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder ás asociacións sen ánimo de lucro radicadas no Concello que se indican máis adiante as subvencións e axudas económicas polos importes que asemesmo se indican:

ASOCIACIÓN	SUBVENCIÓN
CORAL POLIFÓNICA DE AGOLADA	4.000 €
ASOCIACIÓN CULTURAL "BICO DE BALOUTA"	1.000 €
QUAD CLUB AGOLADA	1.000 €
ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA "O PARAPETO"	2.000 €
SOCIEDADE DEPORTIVA AGOLADA	8.000 €
ASOCIACIÓN XUBILADOS E PENSIONISTAS "SAN PEDRO"	1.000 €
AGRUPACION DEPORTIVA VETERANOS AGOLADA	750 €
ASOCIACIÓN AMAS DE CASA "TEMPORAS"	500 €
ASOCIACIÓN CULTURAL "XERACIÓN NÓS" BORRAXEIROS	600 €
ASOCIACIÓN CULTURAL "AGOLADA CREA"	3.000 €

Segundo.- Notificar o presente acordo as entidades beneficiarias da subvencións e axudas económicas para que presenten a correspondente xustificación das actividades realizadas.

5.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS

Dáse conta do escrito número 1704 de data 14 de decembro de 2015, a nome de D^o Evangelina Areán González que solicita licencia para un enganche a rede municipal de auga para unha vivenda sita Avenida do Iryda, número 58 de Agolada. A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda conceder dita licencia condicionada



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 198
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



24

a que por parte do solicitante se faga entrega neste Concello do Certificado oficial do enganche e a poñer contador.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde – Presidente levántese a sesión, sendo as trece horas, asinando a presente acta e, eu como Secretario, certifico.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expídese a presente, de orde e co visto bo do Sr. Alcalde - Presidente, en Agolada a quince de decembro de dous mil quince.

Vº.Bº. O Alcalde,

O secretario,